

Guía para autores
Estudos de Lingüística Galega
Outubro de 2024

Contido

1. Organización do texto.....	2
2. Fontes e tipografía.....	3
3. Convencións tipográficas.....	4
4. Exemplos.....	5
5. Glosas.....	6
6. Abreviaturas.....	6
7. Citas.....	6
8. Referencias cruzadas no texto.....	7
9. Referencias bibliográficas.....	7
10. Notas ao pé.....	12
11. Gráficos, mapas, ilustracións e táboas.....	12
12. Agradecementos e indicación de financiamento.....	13
13. Estilo das recensións.....	13
14. Política de datos abertos.....	13
15. Política de detección de plaxio.....	13
16. Roles dos autores (CRediT).....	14
17. Uso de intelixencia artificial (IA).....	14
18. Erros significativos nos traballos xa publicados.....	14

As instrucións contidas neste documento teñen como finalidade facilitar e axilizar o proceso de preparación dos manuscritos para a súa publicación na revista. Os autores deben adaptar os documentos propostos á revista a estas indicacións utilizando as follas modelo que se poden descargar do sitio web da revista. Ademais, os autores poden seguir como modelo de axuda para a organización e composición do texto algún dos artigos publicados no último número da revista. Os editores poderán tomar a decisión de rexeitar os textos que non cumpran estas normas.

Para o envío da versión aceptada do manuscrito recoméndase o uso da folla de estilo para MS Word que se pode descargar da páxina da revista (Envíos).

1. ORGANIZACIÓN DO TEXTO

O documento estará sempre encabezado polo título do artigo, os datos dos autores, o resumo, as palabras chave e o sumario. Estes textos estarán na lingua en que está escrito o artigo e seguidos da súa versión inglesa.

Título [Verdana 14, negriña, esquerda]

Debe ser breve (non superará as dez palabras), claro e descritivo do contido do traballo; evitárase o uso de abreviaturas e acrónimos. As palabras do título que se queiran resaltar irán en cursiva.

Título en inglés [Verdana 12, esquerda]

Versión do título en inglés

Nome do autor ou autora [Verdana 11 puntos, esquerda]

O nome dos autores e autoras irá seguido do país (entre parénteses) e en liñas independentes a filiación [Cambria 9], o enderezo electrónico [Cambria 9] e o código ORCID [Cambria 9]. Esta información ofrecerase para cada un dos autores. Se hai varias institucións correspondentes a un mesmo autor, os nomes deberán ir separados por barra (/), con espazo anterior e posterior. Non empregue abreviaturas nin acrónimos.

Resumo [Cambria 11 puntos, xustificado]

O resumo terá unha extensión entre 150 e 250 palabras; será claro e preciso e presentarase nun único parágrafo. Procurarase que conteña información sobre obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións fundamentais; non ofrecerá información que non se recolla no texto do artigo.

Palabras chave [Cambria 10 puntos]

As palabras chave irán separadas por punto e coma e ordenadas desde as máis xenéricas ata as máis específicas; serán entre 3 e 6 e servirán para catalogar o artigo. Na medida do posible, e para os descritores máis

xenéricos, empregue os que se recollen no Thesaurus da Unesco (Linguistics) (<http://databases.unesco.org/thesaurus>). As palabras separaranse por puntos e coma <;>.

Texto do artigo [Cambria 11 puntos, xustificado]

O contido do traballo debe organizarse segundo a seguinte estrutura: Introducción, Metodoloxía, Resultados, Discusión e Conclusións.

Se as características do artigo o xustifican, algunhas destas partes poden combinarse (por exemplo, Resultados e Discusión ou Discusión e Conclusións). Excepcionalmente, e sempre e cando as peculiaridades do artigo o xustifiquen, poderá empregarse unha estruturación diferente do modelo estándar establecido. O comité de redacción e os avaliadores vulgaran a pertinencia da estrutura proposta.

O contido do artigo presentarase en seccións numeradas; recoméndase non superar os tres niveis de organización. As referencias bibliográficas, os agradecementos e a indicación do financiamento non constitúen unha sección numerada. Os apéndices e anexos non deben ocupar máis de tres páxinas e colocaranse como última sección do artigo. No caso de seren máis voluminosos poranse a disposición dos lectores nalgún repositorio de datos e indicarse o enderezo correspondente no artigo.

Todos os parágrafos do texto deben ter un sangrado na primeira liña de 1 cm.

Os títulos de cada un dos niveis terán o seguinte estilo:

1. [CANDARA 16 puntos, MAIÚSCULAS, NEGRA, ESQUERDA]

1.1. [Candara 16 puntos, negra, esquerda]

1.1.1. [Candara 16 puntos, esquerda]

A última sección numerada pode ir seguida de seccións opcionais con información sobre agradecementos, financiamento, lista de abreviaturas, fontes de datos empregadas, etc. Todas estas seccións irán encabezadas por un título en liña á parte [Candara, 14 untos, negra] e sen numeración.

2. FONTES E TIPOGRAFÍA

O texto do contido do artigo debe estar en Cambria a 11 puntos, xustificado e espaciado a 1 liña. Todos os parágrafos irán con sangría de 1 cm na primeira liña. Para texto con caracteres diferentes dos latinos deben utilizarse sempre fontes Unicode. Nas transcripcións fonéticas usaranse os símbolos e convencións do alfabeto da Asociación Internacional de Fonética (AFI/IPA).

Non deben empregarse as tabulacións para o sangrado dos parágrafos.

3. CONVENCIONES TIPOGRÁFICAS

a. Maiúscula

- i. Caracteres iniciais de oracións, nomes propios e títulos das seccións.
- ii. Referencias no texto a elementos numerados (como se observa na Figura 5, Na Táboa 3 preséntanse...) ou anexos.
- iii. Nos títulos de revistas ou series respectarase o uso de maiúsculas de cada publicación. Nos títulos de libros en inglés debe evitarse o emprego de maiúscula inicial en cada palabra (*title case*).

b. Itálica

- i. Elementos lingüísticos analizados
- ii. Palabras noutras linguas distintas da do corpo do texto
- iii. Título de libros, revistas, actas, etc.
- iv. Palabras ou frases que o autor do artigo quere destacar nunha cita doutro autor.

c. Versal

- i. Nome de categorías gramaticais
- ii. Etimoloxías
- iii. Énfase no corpo do texto ou nas notas ao pé
- iv. Abreviaturas
- v. Séculos
- vi. Glosas

d. Negra

- i. Título do artigo
- ii. Énfase para chamar a atención do lector sobre algún elemento lingüístico comentado. É conveniente restrinxir o uso da negra con este valor, é sempre preferible a letra itálica.

e. Comiñas simples

- i. Significado de unidades lingüísticas

f. Comiñas dobres

- i. Citas breves

- ii. Termos semitécnicos ou usados nun sentido non totalmente aceptado polo autor
- g. Guións
- i. Guión curto: evitarase o emprego do sistema automático de división de palabras e o uso de guións para a división destas en fin de liña. Debe restrinxirse o seu uso tamén como marca de inicio en relacións de elementos que aparecen en liña independente.
 - ii. Guión medio: utilizarase unicamente para enmarcar expresións parentéticas e para indicar un intervalo de páxinas.
- h. Outros elementos
- i. O logograma <&> empregarase co valor de 'e' antes do último coautor ou coeditor nas referencias.
 - ii. Os corchetes utilizaranse para indicar elipses no texto [...], para enmarcar transcripcións fonéticas e para incorporar aos textos citados palabras que axudan á súa comprensión.
 - iii. Os corchetes angulares utilizaranse para enmarcar elementos gráficos (o dígrafo <nh>).

De forma xeral evitarase o emprego de subliñado, riscado, superíndice, subíndice, sombreado e da combinación de varios estilos tipográficos (cursiva e negra, cursiva e versaleta, etc.).

4. EXEMPLOS

Os exemplos numerados deben ir en parágrafo separado, coa numeración correspondente entre parénteses, con maiúscula inicial, en letra redonda e pechados por punto. Se o exemplo se toma dalgún traballo, a referencia colocarase despois deste signo de puntuación. Para destacar algún elemento do exemplo usarase a itálica.

Indo por este camiño *aforras* dez minutos.

Perdes demasiado tempo nese rapaz.

Un tempo *invernal* / *de inverno*. (Álvarez & Xove 2002: 209)

(1) Indo por este camiño *aforras* dez minutos.

(2) *Perdes* demasiado tempo nese rapaz.

(3) Un tempo *invernal* / *de inverno*. (Álvarez & Xove 2002: 209)

Cando se desexe relacionar exemplos mediante a numeración, é preciso empregar letras despois da numeración:

(1a) N *sata* skrebe karta.

(1b) *Sata* txobi oxi.

(1c) N odja Maria *ta* badja.

Se o exemplo se toma doutra obra e aparece con glosa e tradución, a referencia irá ó final da liña da tradución. Cando os exemplos se tomen de páxinas web o enderezo da fonte indicárase cunha nota ao pé.

5. GLOSAS

Para as glosas e traducións dos exemplos utilizaranse as Regras de glosa de Leipzig¹. A orde de liñas será a seguinte: exemplo, glosa e versión. A glosa irá en minúscula, sen punto final e coas abreviaturas en versaleta. Por medio da tabulación debe procurarse que os elementos dos exemplos correspondan en posición vertical cos da glosa. A versión traducida do exemplo enmarcarase con comiñas simples.

(1) N sata kume pexe.
 1SG PROG eat fish
 'I am eating (the) fish'

6. ABREVIATURAS

De xeito xeral debe evitarse o uso de abreviaturas de expresións pouco comúns. Cando se empregue repetidamente unha abreviatura no texto debe explicarse o seu valor na primeira aparición e, se fose o caso, na sección de Abreviaturas. Non se empregarán abreviaturas de formas infrecuentes no inicio dun título de sección nin no inicio dun parágrafo. Os nomes das linguas non se abreviarán e para as categorías gramaticais empregaranse as abreviaturas recomendadas nas Regras de glosa de Leipzig.

7. CITAS

As citas de menos de tres liñas deben ir incorporadas no texto e entre comiñas dobres <“ ”>. As citas de máis de tres liñas deben ir separadas do texto, nun parágrafo á parte, en tamaño menor (Cambria, 10 puntos) e sen comiñas.

Os puntos entre corchetes [...] utilizaranse para indicar a elisión dun fragmento nunha cita.

¹ <https://www.eva.mpg.de/lingua/pdf/Glossing-Rules.pdf>

8. REFERENCIAS CRUZADAS NO TEXTO

As referencias a seccións, figuras, táboas etc. do propio texto debe facerse empregando o nome completo do elemento con maiúscula inicial e a numeración correspondente: Figura 3, Cadro 2, etc. Deben evitarse as formas abreviadas como Fig. 3, Tab. 2. Para as referencias a sección pode empregarse o carácter <§> seguido da numeración (§3.1.).

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Os autores deben citar todas as fontes de información que se empregan na elaboración do traballo (Cambria, 11 puntos). Se a obra ten máis de 3 autores ou editores utilizarase no texto do artigo como referencia o nome do primeiro autor seguido de <et al.>). Na sección de Referencias bibliográficas aparecerán enumeradas todas as obras que figuran indicadas no corpo do traballo. Nesta lista deben indicarse os nomes de todos os autores e editores das obras citadas; en ningún caso se empregarán abreviaturas como <et al.> ou similares nesta sección.

O estilo bibliográfico empregado para as referencias na revista é o *Estilo unificado para revistas de lingüística (Unified Style Sheet for Linguistics Journals)*, identificado en varios xestores de bibliografía baixo o nome de *Linguistics*.

Non se deben empregar abreviaturas do tipo de *id.*, *ibid.*, *op. cit.* etc. É necesario repetir en todos os casos o nome do autor ou a referencia da obra correspondente.

As referencias dentro do texto deben facerse seguindo o seguinte modelo:

(Pinker 2015)

(Dubert & Galves 2016: 410)

(McMahon, Pierrehumbert & Lidz 2004)

(Lewis et al. 2015)

(Vikner 1995, capítulo 5)

(Haspelmath 2017: 88-89)

(Akmajian & Jackendoff 1970; Haspelmath 2004)

Cando se citen varios autores deben listarse separados por punto e coma e ordenados cronoloxicamente. Se varias obras coinciden no ano de publicación, ordenaranse alfabeticamente por autor ou editor.

Son varios os estudos que confirma o interese pola análise cuantitativa de datos (Cysouw 2005; Borin & Saxena 2013; Jensen & McGillivray 2017).

As referencias aos sitios web só se proporcionarán en nota ao pé, nunca no propio texto do artigo, e con indicación da data de acceso e conforme o seguinte modelo:

<http://www.replicatedtypo.com/visualising-language-similarities-without-trees/5204.html> [21/11/2018]

O título da sección *Referencias bibliográficas* non debe ir numerado. Na lista de referencias inclúiranse só as obras que se citan no texto e de acordo co modelo que a continuación se indican. Deben ir en formato de texto normal, con sangría francesa e con 10 de tamaño fonte.

Non esqueza:

- Indicar lugar de publicación e nome da editorial (Vigo: Galaxia)
- Citar de forma completa todas as obras referenciadas no texto
- Incluír punto e espazo entre as abreviaturas de nomes (Robert M. W. Dixon)
- Escribir sen abreviar os títulos de revistas, series de libros e encontros
- Indicar todos os díxitos dos números nos intervalos de páxinas (145-148)

LIBROS

Fernández Salgado, Benigno. 2001. *Os rudimentos da lingüística galega: un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Fodor, István & Claude Hagège (eds.). 1983-1990. *Language Reform / La réforme des langues / Sprachreform*, 5 vols. Hamburg: Helmut Buske.

Jakobson, Roman & Morris Halle. 2002 [1956]. *Fundamentals of language*. 2º edn. Berlin & New York: Mouton de Gruyter.

CAPÍTULOS DE LIBRO OU ARTIGOS EN ACTAS DE CONGRESOS

Santamarina, Antón. 1995. Norma e estándar. En Henrique Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. 53-98. Vigo: Galaxia.

Dawes, Elisabeth. 1998. Les variantes de la locution dans le système. En Giovanni Ruffino (ed.), *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza*, vol. III. 201-211. Tübingen: Max Niemeyer.

Varela Barreiro, Francisco Xavier & Ricardo Pichel Gotérrez. 2009. O corpus do galego medieval: o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG). En Enrique Arias (ed.), *Diacronía de las lenguas iberorrománicas: nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*. 195-215. Madrid: Iberoamericana / Vervuert.

Cortès-Colomé, Montserrat. 2011. Els alumnes acaben l'escolarització obligatòria amb dèficits en els coneixements de castellà pel fet d'estudiar (principalment) en llengua catalana? En Miquel Strubell i Trueta, Llorenç Andreu Barrachina, Elena Sintes Pascual & Melina Aparici Aznar (coords.), *Resultats del model lingüístic escolar de Catalunya: l'evidència empírica*. 23-28. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.

ARTIGOS EN REVISTAS

Cidrás Escáneo, Francisco Antonio. 1994. Modelos de lingua e variación sintáctica. *Cadernos de lingua* 10, 103-118.

Suñer, Margarita. 1988. The role of agreement in clitic-doubled constructions. *Natural Language & Linguistic Theory* 6(3), 391-434.

Sheehan, Michelle, Martin Schäfer & Maria Carmen Parafita Couto. 2019. Crowdsourcing and Minority Languages: The Case of Galician Inflected Infinitives. *Frontiers in Psychology* 10:1157. <http://dx.doi.org/10.3389/fpsyg.2019.01157>.

TRABALLOS ACADÉMICOS INÉDITOS OU NO PRELO

Regueira Fernández, Xosé Luís. 1989. *A fala do norte da Terra Cha*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Tese de doutoramento inédita].

Mouriño Abalde, Xesús. 2019. Os modalizadores evidenciais en textos literarios do século XIX. En María Álvarez de la Granja (ed.), *Actas do XI Congreso internacional de análise da lingua literaria. Santiago de Compostela, 19-22/9/2018*. [No prelo].

TRABALLOS E OBRAS EN LIÑA

Kövecses, Zoltan. 2001. A cognitive linguistic view of metaphor and therapeutic discourse. *PSYART: A Hyperlink Journal for the Psychological Study of the Arts*. http://www.clas.ufl.edu/ipa/journal/2001_kovecses01.sht. [15/02/2016].

- González González, Manuel (dir.). 2024. *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario>. [24/05/2024].
- Maddieson, Ian. 2013. Consonant Inventories. En Matthew S. Dryer & Martin Haspelmath (eds.), *WALS Online* (versión 2020.3) <http://wals.info/chapter/1>. [24/05/2024]
<https://doi.org/10.5281/zenodo.7385533>.
- Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja. 2024. *Tesouro informatizado da lingua galega* (versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/TILG/>. [24/05/2024]

TRABALLOS EN XORNAIS

- Alonso Montero, Xesús. 2019. O cidadán TNT. *La Voz de Galicia*. [25/01/2019].
- Brennan, William. 2018. Julie Washington's Quest to Get Schools to Respect African-American English. *The Atlantic*. Abril 2018. [12/01/2023].
<https://www.theatlantic.com/magazine/archive/2018/04/the-code-switcher/554099/>.
- Costas, Xosé-Henrique. 2024. O noso acento. *Nós diario*. 17/07/2024. [09/08/2024]. <https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/o-noso-acento/20240717153346202648.html>.

APLICACIONES, PÁXINAS E PROGRAMAS INFORMÁTICOS

- CHARTA = Red Charta. *Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos*. <https://www.corpuscharta.es/consultas.html>. [XX/XX/20XX].
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [4.0]*. <<http://corpus.cirp.gal/corga/>> [XX/XX/XXXX].
- INE 2022 = Instituto Nacional de Estadística (INE). 2022. *Encuesta de Características Esenciales de la Población y las viviendas. Resultados*. <https://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?tpx=55518&L=0> [01/02/2024].
- QGIS. 2024. *QGIS Geographic Information System* (versión 3.34). Open Source Geospatial Foundation Project. <http://qgis.org>.
- R Core Team. 2024. *R: A language and environment for statistical computing* (versión 4.4.1). Vienna: R Foundation for Statistical Computing. <https://www.R-project.org/>.

ENTRADAS DE BLOG

McCulloch, Gretchen. 2024. Episode 93: How nonbinary and binary people talk. Interview with Jacq Jones. *Lingthusiasm*. <https://lingthusiasm.com/post/753857305290915840/episode-93-how-nonbinary-and-binary-people-talk>. [24/05/2024].

LEXISLACIÓN

BOE 2005 = Ley 12/2005, de 22 de xuño do Rexistro Civil. *Boletín Oficial del Estado* 149, 23 de xuño de 2005. <https://www.boe.es/eli/es/l/2005/06/22/12>.

DOE 2018 = Ley 2/1999, de 29 de marzo, de Patrimonio Histórico y Cultural de la Comunidad Autónoma de Extremadura. *Diario Oficial de Extremadura* 59, 22 de mayo 1999.

OUTRAS INDICACIÓNS

Se se inclúen varias obras dun mesmo autor, estas ordenaranse de acordo co título do traballo e repetindo apelidos e nome do autor. Cando un mesmo autor teña obras do mesmo ano, a data de publicación deberá ir acompañada dunha letra ordenadora, de acordo co seguinte modelo:

Cidrás Escáneo, Francisco Antonio. 1991a. As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización. En Mercedes Brea & Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. I. 101-125. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Cidrás Escaneado, Francisco Antonio. 1991b. *Construcións pasivas en galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Tese de doutoramento inédita].

Os apelidos complexos que comeceñ con preposición (*de, van, von, da*, etc.) trataranse do mesmo xeito ca o resto, ordenados pola preposición e respectando o uso de maiúsculas e minúsculas orixinal.

van Rooy, Bertus. 2010. Social and linguistic perspectives on variability in World Englishes. *World Englishes* 29, 3–20.

É preceptivo incorporar como ligazón (URL) o DOI (Digital Object Identifier) de todas as obras incluídas na bibliografía que o posúan. No portal de Crossref (<https://www.crossref.org/>) poden buscarse as obras para determinar se teñen DOI. O formato recomendado para a indicación do DOI

é este: <http://dx.doi.org/10.1017/S0952675713000201>. Velaquí un exemplo de referencia dun artigo con DOI:

Bonet, Eulàlia. 2013. A challenge for Harmonic Serialism with Optimal Interleaving, *Phonology* 30, 399-421. <http://dx.doi.org/10.1017/S0952675713000201>.

A indicación da edición que se emprega sinalarase, cando sexa necesario, co ano da primeira edición entre parénteses e coa abreviatura edn. precedida do número ordinal correspondente (3ª edn.). Calquera información complementaria que queira engadirse á referencias debe ir na fin do parágrafo e enmarcada con corchetes (título do orixinal, traductor, etc.).

Crystal, David. 2003 [2000]. *A morte das linguas*. Vigo: Galaxia. [Tradución de Mariña Castro].

Kloss, Heinz. 1978 [1952]. *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen von 1800 bis 1950*. 2ª edn. Düsseldorf: Schwann.

10. NOTAS AO PÉ

As notas deberán presentarse como notas a pé de páxina, non como notas ao final. Debe limitarse o seu uso e procurar que sexan breves e non superiores en extensión a un único parágrafo. Irán en Candara, 10 puntos, xustificadas pola esquerda e numeradas secuencialmente en números arábigos (1, 2, 3). No texto indícanse cun número en superíndice e antes de calquera signo de puntuación. As fontes de financiamento e os agradecementos non se indícanse en notas ao pé.

11. GRÁFICOS, MAPAS, ILUSTRACIÓNS E TÁBOAS

As figuras (gráficos, mapas, ilustracións, etc.) enviaranse como arquivos separados, en formato tif, jpg, eps ou png, con calidade non inferior a 600 dpi. Ademais, tanto os arquivos separados como as figuras incrustadas no texto deben ir identificados mediante un número coincidente en ambos (Gráfico 1, Figura 2, Táboa 3, etc.).

No texto todos estes elementos deben ir numerados de forma consecutiva segundo o seu tipo (Táboa 1., Táboa 2., Figura 1., Figura 2., etc.) e acompañados dun título identificativo [Candara, 10 puntos, centrado]. Só se incluírán os elementos comentados ou explicados no texto do artigo.

As táboas irán centradas en páxina e con tamaño de 10 puntos, sen ningún tipo de espazado nin sangría nos datos das celas. Todas as táboas deben levar un pé identificativo e aparecer referenciadas no texto.

No documento Word do artigo incluíranse as imaxes e o pé correspondente no lugar en que o autor desexa que sexan colocadas. Se o autor o considera necesario tamén pode enviar un arquivo PDF do documento orixinal.

12. AGRADECEMENTOS E INDICACIÓN DE FINANCIAMENTO

Os textos en que se indiquen as fontes de financiamento e os agradecementos irán antes das referencias bibliográficas, precedidos dun título en negra (Financiamento, Agradecementos) e sen numerar. Estes textos deben ser breves e constituír un único parágrafo cada un deles).

13. ESTILO DAS RECENSIÓNS

O texto das recensións debe ir en Cambria, 12 puntos, xustificado e espaciado a 1 liña. Nos primeiros parágrafos ofreceranse os datos completos da obra comentada (autor, ano, título, lugar, editorial e número de páxinas) e a identificación do autor da recensión. Exemplo:

Christina Ossenkop & Otto Winkelmann (eds.). 2018. *Manuel des frontières linguistiques dans la Roumanie*. Berlin, Boston: De Gruyter, 606 pp.

Recensión de [Nome] [Apelidos], [Filiación]

De forma xeral deben seguirse as recomendacións de formato e estilo indicadas para os artigos (exemplos, referencias, glosas, bibliografía, etc.). Os textos das recensións non deben estar divididos en seccións.

14. POLÍTICA DE DATOS ABERTOS

Os editores da revista recomendan que os autores compartan os datos (crus e procesados) e procedementos de análise utilizados nos artigos a través de repositorios de datos abertos. Nas páxinas re3data.org, wikidata.org e fairsharing.org ofrécense listas de repositorios de datos certificados e fiables. A transparencia e reproducibilidade da investigación contribúen á mellora e avance do traballo científico.

15. POLÍTICA DE DETECCIÓN DE PLAXIO

Os autores que propoñen os seus traballos á revista deben asegurar que os datos e resultados presentados son orixinais e non foron copiados, inventados, distorsionados ou manipulados. Co fin de asegurar a calidade científica da revista os editores utilizarán aqueles procedementos e ferramentas que estean á súa disposición para detectar o plaxio. Calquera forma de plaxio considérase unha fraude científica moi grave.

16. ROLES DOS AUTORES (CRediT)

Cando os autores o consideren poder facer constar as achegas e responsabilidades individuais nos traballos utilizando preferentemente as categorías propostas na taxonomía [CRediT](#) ([Contributor Roles Taxonomy](#)): conceptualización, curación de datos, análise formal, adquisición de fondos, investigación, metodoloxía, administración do proxecto, recursos, software, supervisión, validación, visualización, redacción do borrador orixinal e redacción final (revisión e edición).

17. USO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL (IA)

Os autores deben declarar o uso de IA no proceso de elaboración dos traballos propostos para publicación. Nesta declaración debe facerse constar: o modelo de IA empregado (versión e data), con que finalidade se empregou e cal foi o resultado do uso da aplicación que se incorporou no traballo. As ferramentas de IA non serán considerados en ningún caso como responsables da autoría das contribucións. Como guía para o uso de IA poden seguirse as recomendacións da [Declaración de Heredia](#).

18. ERROS SIGNIFICATIVOS NOS TRABALLOS XA PUBLICADOS

Os autores teñen a obriga de comunicarlles aos editores da revista os erros graves que sexan detectados nos traballos xa publicados. Os editores considerarán a posibilidade de modificar ou retirar a contribución, ou ben publicar un documento de rectificación.